



Concello de Xove

Boas EQUIPO!

Ante esta situación extraordinaria que estamos a vivir todos e todas, vendo cada día como as cifras de persoas contaxiadas se disparan, vendo as queixas dxs sanitarixs, das persoas que están en primeira liña de exposición ao virus (persoal de limpeza, celadores, técnicxs das ambulancias, etc.) así como todas esas xentes que traballan en centros residenciais para a terceira idade e xs propixs residentes, desde os Servizos Sociais do Concello de Xove sentimos a necesidade de poder chegar a todxs eles/as.

E...como?? Pois contando co voso apoio e toda a colaboración posible para poñer en marcha a iniciativa que nomeamos "**Coas nosas cores buscamos o teu sorriso**".

E... de que se trata? Como vos dixemos, o obxectivo é chegar a todas esas persoas que están a pasar momentos de extrema vulnerabilidade, enfermxxs, illadxs, persoas en tensión continua, entregadxs a que todo isto saia ben e a coidar dos demais. Queremos facer que sintan que non están sós/soas, que teñen todo o noso apoio e os nosos mellores desexos para que esta situación acabe canto antes.

E... como chegar? Non vos parece que unha boa maneira é implicando ao voso alumnado para que cada un/unha, da maneira que se lle ocorra (cun debuxo, cunha carta, cunha mensaxe,...) poidan sacar un sorriso? Poidan facerlles sentir que, na distancia, están preto deles/as? Cremos que é unha maneira de implicalos, de facerlles sentir que forman parte desta sociedade, que poden axudar, sensibilizar, concienciar....

Nós, o equipo dos Servizos Sociais, encargariámonos de facer chegar todo ese material aos hospitais Galegos e aos centros residenciais, polo que precisaríamos recibilos de maneira online no seguinte correo-e: servicios.sociales@xove.es.

Esperando que vos guste esta iniciativa e contar coa vosa colaboración, despedímonos cun.....**IMOS BUSCAR SORRISOS, TODO SAIRÁ BEN!!!**

A COIDARSE E GRACIÑAS!!

*Departamento de Servizos Sociais
Concello de Xove*

